



ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

COMPLETA A TÚA FORMACIÓN CON EXPERIENCIA LABORAL PARTICIPANDO NO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS DA EPSE

A tramitación das Prácticas Externas realízase dende a Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laboral situada no Pavillón Central no 2º Andar.

Máis información en na web do Centro (www.usc.es/eps), indo á sección de alumnado e picando en prácticas externas.



Prácticas Externas
Curso 2018-2019



ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
DE ENXEÑARÍA

As prácticas Externas curriculares:

- ✓ teñen recoñecemento académico
 - equivalen a unha materia optativa de 6 créditos (150 horas de traballo) nos Graos.
 - recoñécense como unha materia obrigatoria de 10 créditos (250 horas) nos Másters.
- ✓ permítenche adquirir coñecementos, gañar competencias e experiencia na empresa privada
- ✓ son unha oportunidade laboral
- ✓ non tuteladas dende o Centro e a empresa
- ✓ podes realízalas en calquera momento do curso académico

Máis de 300 convenios
con Empresas e
Institucións. Participas?



Tel. : 982823015
Fax : 982285926



www.facebook.com/EPSLugo



www.twitter.com/EPSLugo

SUBDIRECCIÓN DE PRÁCTICAS
EXTERNAS E ORIENTACIÓN LABORAL

As Prácticas Externas son unha ferramenta para adquirir formación práctica e experiencia laboral que aumenta as oportunidades de integración do alumnado no mercado de traballo o remate dos estudos. Coas prácticas, coñécese dende dentro, o día a día dunha empresa, dun centro de investigación, dun concello ou doutro organismo oficial.

QUÉN PODE REALIZAR AS PRÁCTICAS EXTERNAS

• Alumnado matriculado no curso 2018-2019, nas titulacións de grao u máster impartidas na EPS de Enxeñaría.

No caso das titulacións de grao a partir do 3º curso.

• O/A alumno/a ten que ter asignada unha empresa receptora e un/ha titor/a académico/a (profesor/a da titulación na que estea matriculado/a).

• O/A titor/a académico/a noméase na comisión de título.

QUÉ OPINA O ALUMNADO QUE XA FIXO AS PRÁCTICAS EXTERNAS:

A maioría do alumnado valora a experiencia de forma positiva. Consideran que as prácticas son unha boa maneira de coñecer o mundo laboral, aumentar a súa formación e facer contactos para a súa futura integración no mercado laboral.

Algunhas opinións dadas polo alumnado sobre as prácticas externas:

"Foi unha boa experiencia. Coñecín o sector, e axudoume a comprender os métodos e técnicas aprendidas nas aulas así como a aplicalas. Considero ademais que son unha vía de acceso o mercado laboral".

"É un modo de aprender a relacionarme co mundo laboral, así como de poñer en práctica os coñecementos. Estou moi satisfeita coa experiencia, tanto polo trato como polo aprendido".

Documentación a presentar para solicitar Prácticas Externas

1. Formulario de solicitude debidamente cumplimentado (accesible na web do centro).
2. Fotocopia do DNI (ou similar).
3. Copia do expediente académico.

Lugar para presentar as solicitudes

- Subdirección de Prácticas
- Secretaría Administrativa
- Conserxería

Cómo se cualifican as Prácticas

A nota das prácticas externas se confecciona a partir das notas emitidas polo/a titor/a na empresa e polo/a titor/a académico/a.

O/A titor/a na empresa emite unha avaliación global que ten un peso na nota final do 70%.

O/A titor/a académico/a cualifica as prácticas en función do informe de prácticas entregado polo estudante. Esta cualificación contribúe con un 30% á nota final das prácticas externas.



TIPOS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

1. O alumnado solicita algunha das empresas coas que a Escola ten convenio de colaboración (Listado dispoñible na web do centro no apartado de alumnado-prácticas externas).
2. Nunha empresa cuxo convenio é xestionado coa intermediación do propio estudante.
3. O alumnado solicita algunha das ofertas lanzadas polas empresas.

INFORMACIÓN SOBRE AS PRÁCTICAS EXTERNAS



Toda a información que precisas coñecer sobre as prácticas externas a tramitar na EPS de Enxeñaría esta na Web do Centro, na sección de alumnado.

<http://www.usc.es/gl/centros/eps>

EPS de Enxeñaría

Imaxina, investiga, descubre... ENXEÑA